



CAMPO DE VOLUNTARIADO "XUVENTUDE É CAMIÑO" (PALAS DE REI – LUGO)

DATAS	IDADES	ÁMBITO	MODALIDADE	PRAZAS
12-23/08/2025	18-30	Internacional	Dinamización	15



LOCALIZACIÓN

Palas de Rei é un concello interior da provincia de Lugo. Dista uns 30 km da capital lucense e 65 km da capital galega, Santiago de Compostela.

Desde o comezo dos tempos está ligada ao paso da xente e a súa atención. Esa hospitalidade continúa presente polo paso de miles de peregrinos e peregrinas que percorren o Camiño de Santiago. Este factor dinamizador permite coñecer as pegadas ao longo do tempo, dende restos medievais (castelo de Pambre) a mostras da cultura románica como os Pazos de Ulloa ou a cabaleira coa tumba dos Cabaleiros de Santiago.

DESCRICIÓN DO CAMPO

Accións principais:

- Gardas do Camiño: voluntarios e voluntarias en bicicleta para dar información sobre o Camiño, a seguinte etapa, apoio e ánimo etc.
- En Camiño: son as campañas de dinamización que farán os voluntarios e voluntarias.
- Acondicionamento de sendeiros na contorna do Camiño.
- Actuacións dinamizadoras do Camiño na contorna da Área dos Albergues de Peregrinos de Chacotes: consistente na organización de actividades dinamizadoras para os peregrinos (charlas, coloquios, obradoiros...).
- Aprendizaxe sobre a Axenda 2030 e creación de catálogos e medidas e propostas ao concello.
- Diseño dunha revista dixital sobre o campo de voluntariado. Creación dun podcast sobre o Camino de Santiago en Palas de Rei

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

- Descuberta de Palas de Rei, Poñeremonos ao día a través dunha clase maxistral ofrecida por o responsable de turismo do concello
- Ruta Vilar de Donas: visitaremos a espectacular tumba dos Cabaleiros de Santiago; ruta do castelo de Pambre aos torrentes do Mácara.
- Etapa a pé do tramo de Palas de Rei a Melide.
- Visita a Lugo: toda unha tarde na cidade romana mellor conservada de Galicia.
- Escalada no rochódromo.
- Caiac en Monterroso.
- Tarde deportiva con béisbol, rugby e goalball.





- Palacross: competición deportiva de orientación.
- Competición coas pistolas de láser nocturnas.
- Ruta do castillo de Pambre
- torrentes do Mácara
- Veladas nocturnas.

ALOXAMENTO E MANUTENCIÓN

O aloxamento do campo de voluntariado será no Albergue Municipal de Palas de Rei, e a manutención será nas instalacións do campamento xuvenil dos Chacotes.

INCORPORACIÓN, PUNTO DE ENCONTRO

O primeiro día a partir das 16:00 h e ata as 19.00 h, no campamento xuvenil dos Chacotes.

O campo remata o último día despois do almorzo.

COMO CHEGAR

Por estrada, dende A Coruña, pódese viaxar coa empresa arriva.gal e desde Santiago de Compostela ou dende Lugo con monbus.es.

A estación de tren de Teixeira, en Curtis, dispón de conexións diarias desde A Coruña e Lugo. Logo, desde Teixeira ata Palas pódese viaxar por estrada con arriva.gal

COTA

CENTO DEZ (**110 €**) euros. As persoas posuidoras do Carné xove, título de familia numerosa, familia acollidora ou familia monoparental: OITENTA E DOUS EUROS E CINCUENTA CÉNTIMOS (**82,50 €**).

Que inclúe?: Inclúe os gastos de manutención, aloxamento e os derivados das actividades propias e de lecer ademais dun seguro de accidentes e de responsabilidade civil.

Non inclúe: Os gastos ocasionados polo traslado (ida e volta) ata o lugar da actividade que correrán a cargo da persoa voluntaria.

DEVOLUCIÓN DA COTA

Circunstancias que dan dereito á devolución da cota:



a) Anulación da actividade ou non prestación do servizo por causas non imputables á persoa interesada.

b) Ingreso hospitalario ou causa médica grave que afecte á persoa interesada e lle impida incorporarse ao campo. Deberá acreditarse con informes médicos e/ou do hospital no que estea ingresada.

c) Falecemento ou enfermidade grave dun familiar ata o 2º grao. Esta causa debe estar acreditada con informes médicos e/ou do hospital onde estea ingresado o familiar, ou co certificado de defunción, de ser o caso.

d) Abandono da actividade por calquera dos motivos recollidos na letra b), sempre e cando non transcorrese máis do 50 % dos días de duración do campo.

QUE TRAER

- Útiles de aseo e toalla de ducha
- Saco de durmir e mochila para as rutas
- Calzado cómodo para montaña e calzado deportivo



- Roupa: de deporte (suadoiros), de baño (traxe de baño, toalla, chancletas...), de abrigo (roupa idónea para poder realizar o traballo no caso de choiva ou frío), de auga (chuvasqueiro), de traballo (guantes, gorro)

DOCUMENTACIÓN

Todas as persoas participantes deberán levar o seu documento de identidade e a tarxeta sanitaria.

SEGURO

Todas as persoas participantes dispoñen dun seguro que cobre os accidentes que se poidan producir durante a actividade e a responsabilidade civil que deles se poida derivar.

CONTACTO

Dirección Xeral de Xuventude:: camposdevoluntariado.xuventude@xunta.gal

Servizo de Xuventude e Voluntariado de Lugo: camposlugo.xuventude@xunta.gal

INFORMACIÓN ADICIONAL

xuventude.xunta.es Portal da Dirección Xeral de Xuventude da Xunta de Galicia con toda a información sobre campos, ocio e tempo libre, actividades, formación...

@xuventudegalicia Redes sociais da Dirección Xeral de Xuventude.

